

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2016 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta axencia no terceiro cuadrimestre do ano 2015.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) no terceiro cuadrimestre do ano 2015 que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2016

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO  
**Convenios de colaboración subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas no terceiro cuadrimestre do ano 2015**

Convenio	Importe achegado pola AGI (€)	Data de sinatura
Addenda núm. 1 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Arteixo para o traslado da pasarela peonil afectada polas obras de acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509	125.000,00	22.10.2015
Addenda núm. 2 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oza-Cesuras para a mellora do Camiño Real	631.756,79	28.10.2015



Convenio	Importe achegado pola AGI (€)	Data de sinatura
Addenda núm. 5 ao convenio asinado o día 14.4.2010, entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57)	2.533.268,42	30.11.2015
Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilasantar para a execución das actuacións na travesía urbana da AC-194 no núcleo de Vilasantar-Raposeiras	294.753,76	17.12.2015
Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a reparación da ponte do Milenio e formalización da súa entrega ao concello	548.628,12	17.12.2015
Addenda núm. 1 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os concellos de Pantón, Nogueira de Ramuín e A Peroxa para a execución de actuacións de mellora da seguridade viaria no contorno dos Peares	60.000,00	23.12.2015
Addenda núm. 2 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o ente público Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara)	210.070,68	28.12.2015
Convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57)	2.360.000,00	30.12.2015

